

TEMA 26. As grandes reformas da República

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado comentará as **causas, evolución e consecuencias** das **principais reformas** emprendidas pola **República** (relixiosa, militar, agraria, territorial, educativa...), explicando con máis detalle aquelas que se mencionen especificamente nos documentos e indicando cales foron xa iniciadas no **Goberno Provisional** ou no **Bienio Reformista**, a parálise de todas elas durante **Bienio de Dereitas** e a súa recuperación no goberno da **Frente popular**, non sendo necesario afondar nestes períodos.

Tras a proclamación da **2ª República**, o 14 de abril de 1931, a Segunda República coñecerá varias etapas ata o golpe de Estado en 1936:

1ª - Goberno Provisional, 1931.

2ª - Bienio de Esquerdas, 1931-33.

3ª - Bienio de Dereitas ou Bienio Negro*, 1933-36.

4ª – Goberno de Frente Popular, 1936.

As grandes reformas da **República** terán lugar nas dúas primeiras: **1ª: Goberno Provisional ou período Constituínte** (abril a decembro de 1931), formado por todos os partidos favorables á república. **2ª: Bienio de Esquerdas ou Reformista (dec.1931-set.33)**, tras aprobar a **Constitución**, cun goberno formado por PSOE e republicanos de esquerda.

REFORMA EDUCATIVA E RELIXIOSA:

A) Causa: a sociedade era analfabeta e baixo unha excesiva influencia da Igrexa que controlaba a educación e a cultura desde as escolas e os púlpitos; pero tamén había un **forte anticlericalismo**, con queima de conventos en maio do 31.

B) Queríase acabar co analfabetismo para ter cidadáns libres, formados e responsables e tamén separar por completo a Igrexa do Estado e reducir o seu poder, así que:

1º. Durante o **Goberno Provisional**, o ministro de Instrucción Pública (**Marcelino Domingo**, Part.Rep.Radical Socialista) tratou de erradicar o analbetismo e lograr un ensino laico con decretos cos que: crea 7.000 escolas, establece a coeducación e elimina a materia de relixión na escola. Ademais, na **Constitución**, aprobada en decembro de 1931, establecía:

-España como unha república laica -con liberdade de cultos -sen orzamentos do Estado para a Igrexa... que ademais pasa a pagar impostos -disolución da orde dos Xesuítas (pola súa obediencia ao Papa) -e peche dos centros de ensino da Igrexa. -e recollía o dereito a unha educación obrigatoria, gratuíta e laica.

2º. Ademais, xa durante o **Bienio de Esquerdas**, en 1932, -secularizou os cemiterios, que pasan a ser propiedade dos concellos -estableceu o matrimonio civil (quitándolle á Igrexa o monopolio do matrimonio) -e aprobou a Lei do Divorcio (quítalle á Igrexa tamén o poder de anular matrimonios) E en 1933, aproba a *Lei de Confesións e Congregacións Relixiosas*, pola que o Estado facíase laico (deixa de aportar diñeiro á Igrexa, etc.). Tamén neste período construíronse máis de 13.000 escolas multiplicáronse o número de mestres, institutos de Bacharelato e bibliotecas, recoñeceuse o dereito a empregar todas as linguas de España no ensino e creáronse as Misións Pedagóxicas (para levar teatro, cine, libros... a zonas rurais).

C) Estas medidas foron vistas como unha persecución polo clero e os + conservadores, provocando incluso a dimisión do Presidente da República, **Alcalá Zamora**, en 1931. Esta cuestión relixiosa acabará sendo un dos motivos que leve á guerra civil.

REFORMA MILITAR (ou Lei Azaña):

A) Causa: había un excesivo n.º de oficiais e falla de diñeiro para armamento novo, así como unha xa tradicional excesiva influencia dos militares na política.

B) Queríase reformar o exército, modernizalo e poñelo ao servizo da democracia.

1ª. Durante o **Goberno Provisional**, o ministro de Guerra (**Manuel Azaña**, Acción Republicana) intentou reformar o exército, modernizándoo e poñéndoo ao servizo da democracia. -co Decreto de Retiros, que ofrecía aos oficiais xubilarse antes conservando o salario. -con decretos de anulación dos ascensos concedidos durante a Ditadura de PdR. -pecha a Academia Militar de formación de oficiais de Zaragoza, que dirixía **Franco**. -suprime a Lei de Xurisdicións de 1906, que permitía aos tribunais militares xulgar calquera ofensa “á unidade da patria, a bandeira ou ao exército”. -e obriga aos militares a prometer fidelidade á República.

2º. Durante o **Bienio de Esquerdas**, en 1932, -o goberno reformista creou unha policía republicana: a **Garda de Asalto**. E en 1933, aprobouse a *Lei de Vagos e Maleantes* para tratar de garantir a orde pública.

C) A **Lei Azaña** provocou o enfado de sectores do exército (sobre todo, africanistas), e que moitos se enemizaran coa República, como probaba o **Golpe de Sanjurjo** (1932).

REFORMA AGRARIA:

A) Causa: a pesar das desamortizacións do XIX, seguía o atraso técnico no campo e sobre todo unha distribución da propiedade da terra pouco eficaz.

B) Queríase resolver a inxusta situación dos xornaleiros dos latifundios no sur do país.

1º. Durante o **Goberno Provisional**, o ministro de Traballo (**Largo Caballero**, PSOE) crea unha serie de decretos cos que pretendía mellorar a precaria situación dos campesiños, por exemplo: -o **Decreto de Laboreo Forzoso**, que obrigaba ao propietario a ter as terras traballadas ou lle serían expropiadas para entregalas a organizacións de xornaleiros e campesiños -o **Decreto de Termos Municipais**, que prohibía aos propietarios de terras contratar xornaleiros doutros municipios, mentre houbese paro nese municipio.

2º. Durante o **Bienio de Esquerdas**, en 1932, tras o intento de **golpe de Estado de Sanjurjo**, aprobouse por fin a **Lei da Reforma Agraria**, pola que o Estado podía expropiar terras, para ceder o seu uso aos campesiños asentados nas súas inmediacións.

C) A oposición dos propietarios para colaborar e a falla de diñeiro para indemnizalos provocou o fracaso da reforma e a decepción dos xornaleiros, cada vez máis radicalizados. Foi xerándose así un ambiente tenso, especialmente no sur, de guerra de clases.

REFORMA TERRITORIAL:

A) Causa: había rexións con sentimentos nacionalistas, que pedían máis autonomía. De feito, o mesmo 14 de abril, tras a proclamación oficial da 2ª República, **Francesc Maciá** (líder de Esquerda Republicana, o partido vencedor en Barcelona) proclamara a República Catalá como Estado independente, nunha Federación Ibérica.

B) Queríase unha organización territorial do Estado que contentase a esas rexións.

1º. Así que tres días despois, o **Goberno Provisional** envía varios ministros a Barcelona, onde logran que **Maciá** se retracte a cambio da promesa dun **Estatuto de Autonomía**. Despois, na Constitución recolleuse o dereito das rexións á autonomía, para o cal era necesario elaborar un Estatuto de Autonomía e superar 3 pasos: **1.** Que este Estatuto fose proposto pola maioría dos concellos desa rexión. **2.** Que fose aprobado por dos electores desa rexión. **3.** Que fose enviado ás Cortes españolas e aprobado nelas.

2º. Durante o **Bienio de Esquerdas**, Cataluña foi a 1ª en presentar **Estatuto**, aprobado en 1932 tras o **golpe de Sanjurjo**, pasando a ter un parlamento e goberno (**Generalitat**) propios, e outras competencias.

C) Esta concesión da autonomía a Cataluña xerou un enorme nerviosismo no exército, e propiciou non só o golpe de Sanjurjo senón tamén o de **xullo do 36**, co que se paralizou esta dinámica, eliminando os Estatutos de Cataluña e Euskadi.

Estas reformas provocaron unha forte oposición da dereita (terratenentes, patróns, Igrexa e algúns sectores do exército), que quixo paralizalas coa **Sanjurjada***: fallido golpe de Estado do xeneral Sanjurjo, 1932. Pero tamén atoparon oposición na extrema esquerda (xornaleiros e anarquistas), que intentou organizarse pola súa conta e facer unha revolución social, como sucedeu en **Casas Viejas** (Cádiz), onde un grupo de campesiños anarquistas decidiu facer unha revolución para non esperar por unhas reformas que non chegaban. A forte represión ordeada polo goberno propiciaría a dimisión do presidente, **Azaña**, e a convocatoria de novas eleccións en novembro de 1933. A vitoria das dereitas nesas eleccións significou un cambio de rumbo. Iníciase así o chamado **Bienio de Dereitas (1933-36)** ou antirreformista xa que comezarán a revisar todas as reformas, **paralizándoas** ou revertíndoas todas (incluso se concedeu unha amnistía para sacar do cárcere ao golpista **Sanjurjo**). Coas novas eleccións en **febreiro do 36** e o triunfo de **Fronte Popular** (esquerdas) intentárase retomar todas as reformas paralizadas/rectificadas no **Bienio de Dereitas**, pero o clima de enfrontamento é xa imposible de reconducir, e o medo á revolución social leva aos militares de extrema dereita a planear un golpe. En xullo do 36, os acontecementos precipítanse desembocando no inicio da Guerra Civil.

Bibliografía:

- Libro de 2º de Bacharelato de Historia de España. Editorial Baía.
- Somos Historia do profesor Miguel Abraira. [COMPOSICIÓNS · SÉCULO XIX E XX](http://composiciones-siglo-xix-xx.blogspot.com)
(somohistoriaconmiguelabraira.blogspot.com)